

RECESIÓN O mercado español caeu o 1,35% e os europeos pecharon con perdas polo anuncio do avance máis baixo en cinco anos do xigante

NOVO 'EFECTO ARRASTRE' DA CRISE DE EEUU NAS BOLSAS

BUSH SÓ FALA DE DESACELERACIÓN PERO BERNANKE AGOIRA O PECHE DE BANCOS E FINANCEIRAS

Axencias · Madrid/Washington

A bolsa española caeu onte o 1,35 por cento e perdeu os 13.300 puntos arrastrada polos malos datos macroeconómicos de Estados Unidos, onde, entre outras cousas, se soubo que a desaceleración durante o último trimestre do 2007 foi peor do esperado. Así, o principal índice do mercado nacional, o Ibex-35, retrocedeu 182,20 puntos, o 1,35 por cento, e concluíu a xornada en 13.272,10 puntos.

Pola súa banda, o índice xeral da Bolsa de Madrid caeu o 1,33 por cento; o Ibex Small Caps, o 2,29 por cento, e o Ibex Medium, o 1,51 por cento. Todas as bolsas europeas tamén pecharon con perdas, do 1,64 por cento para Londres, do 2,08 por cento para París, do 2,02 por cento para Francfort e do 1,30 por cento para Milán.

A última hora da tarde, o Ibex-35 agudizou as perdas coas que cotizou toda a sesión despois de que Nova York abrise con caídas polos datos económicos que reflectiron



Unha vivenda en venda en Virxina, EEUU, pola crise hipotecaria

O cru marca de novo récord

O prezo do cru de Texas acelerou onte a súa tendencia alcista a falta de algo máis dunha hora para que conclúa a actividade no mercado neiorquino e elevouse ata os 102,56 dólares. O encare-

cemento en máis de dous dólares respecto do mércores coincidiu cunha escalada nos prezos dos combustibles e un maior debilitamento do dólar ante o euro e outras divisas.

unha subida semanal das peticións dos subsidios de desemprego e que a economía de EEUU creceu menos do esperado no cuarto trimestre.

O Departamento de Comercio estadounidense informou onte de que a economía de Estados Unidos creceu no último trimestre do 2007 a un ritmo anual do 0,6 por cento, unha décima menos do esperado pola maioría dos analistas.

O xigante americano tamén anunciou que durante todo 2007 o Produto Interior Bruto (PIB) creceu un 2,2 por cento, considerado como o menor incremento en cinco anos e catro décimas menos do estimado polos expertos.

As solicitudes de subsidio por desemprego dese país subiron en 19.000 a semana pasada ata situarse en 373.000, o nivel máis alto nun mes, fronte ós 350.000 esperado polos analistas.

Ante esta situación, o presidente de EEUU, George W. Bush, afirmou que a economía estadounidense non se dirixe a unha recesión, aínda que si sofre unha desaceleración, como proba o feito de que no 2007 creceu ó ritmo máis lento en cinco anos. Ademais, o presidente da Reserva Federal, Ben Bernanke, tamén se referiu á crise e advertiu de que espera que se produzan quebras en entidades financeiras pequenas debido á crise inmobiliaria. ●

Aumentan os números vermellos de Zeltia no 2007

Zeltia rexistrou unhas perdas netas en 2007 de 45,07 millóns de euros, un 2,88% por enriba dos 'números vermellos' de 43,81 millóns rexistrados no exercicio 2006, informou a compañía á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV).

Este resultado negativo é consecuencia do incremento en investimento en investigación e desenvolvemento (I+D), que aumentou un 4% en 2007, ata 51,7 millóns de euros. Do total investido, 36,9 millóns de euros corresponden a PharmaMar, 13,5 millóns a NeuroPharma, 0,5 millóns a Genómica e 0,8 millóns de euros a Sylentis.

Os gastos de mercadotecnia e comerciais ascenderon no 2007 a 29,3 millóns de euros, un 25% máis. Da devandita cifra, 22,9 millóns de euros corresponden ás compañías de Química de Gran Consumo corresponden 22,6 millóns de euros, e o resto ás compañías do sector biotecnolóxico, entre as que destaca o gasto de PharmaMar na preparación do lanzamento de Yondelis e a creación da rede de vendas, de 5,3 millóns de euros. Os ingresos do laboratorio farmacéutico alcanzaron os 85,45 millóns de euros no 2007, un 12,1% máis que os 76,24 millóns de euros que facturaron anteriormente.

RESULTADOS ■ Incrementou o seu superávit un 42,9%, superando os 8.906 millóns de euros

Telefónica: operadora integrada con máis beneficios do mundo

Telefónica incrementou os seus resultados un 42,9 por cento no 2007 e superou os 8.906 millóns, o que constitúen os maiores beneficios dunha operadora integrada en todo o mundo, dixo onte o seu presidente, César Alierta. Detrás de Telefónica sitúase ATT con 8.733 millóns; France Telecom con 6.300; Verizon con 4.038 millóns e Deutsche Telecom con 3.165 millóns de euros.

O presidente de Telefónica destacou que é unha das 50 compañías

máis grandes do mundo por capitalización bolsista, no posto 39, con máis de 140.000 millóns de euros de capitalización, e xa moi preto de Cisco e de Nokia. Alierta dixo que un ano máis, Telefónica superou a súa marca. Conta con presenza en 24 países, alianzas moi importantes como a que ten con Telecom Italia e China Netcom e é o operador integrado con maior número de accesos, 229 liñas que supón un 12,5 por cento máis que hai un ano. ● EFE

PERSPECTIVAS ■ A petroleira acometerá un investimento de 32.800 millóns en cinco anos

Repsol pretende triplicar os actuais ingresos no 2012

A petroleira hispano-argentina Repsol YPF acometerá un investimento de 32.800 millóns de euros entre 2008-2012, o 65 por cento en proxectos das súas áreas de negocio básicas ("core bussines"), cos que espera case triplicar o seu beneficio neto, que en 2007 foi de 3.188 millóns.

A petroleira organizou a súa estratexia ao redor de tres grandes áreas: os negocios que forman o núcleo da actividade da petroleira

(exploración e produción, gas natural licuado (LNG) e refino e mercadotecnia), a súa filial argentina YPF, como unha parte operativa, pero que conta con outros accionistas, e Gas Natural, que terá a consideración de empresa participada non estratéxica. Dentro do "core bussines", Repsol YPF identificou dez proxectos concretos, ós que se destinará 14.100 millóns de euros, o 43 por cento do investimento global. ● EFE

TECNOLOXÍA

■ A galega Emetel, encargada do deseño

Nova rede de comunicacións para Adolfo Domínguez

A firma galega Emetel renovará a rede de comunicacións na nova sede de Adolfo Domínguez no Polígono de San Cibrao das Viñas, a través dunha solución "baseada na converxencia de redes adaptada ás necesidades" da compañía. O investimento supera os 100.000 euros e inclúe unha rede deseñada para optimizar os recursos de comunicacións, en función das necesidades de persoal e servizos. ● REDACCIÓN